

**EXPTE Nº 12/2012: “ARRENDAMENTO DUN INMOBLE, CON MOBLES INCLUÍDOS, PARA SERVICIOS SOCIAIS DA 3ª IDADE EN SANXENXO”  
ASUNTO: 2ª E DERRADEIRA PRÓRROGA.**

**RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO O.A. TERRA DE SANXENXO**

Vista a proposta da concelleira de benestar social, educación e normalización lingüística de data 18 de febreiro de 2016, que propón acordar a prórroga do devandito contrato durante o prazo dun (1) ano máis ata o 6 de marzo de 2016.

Visto o oficio da Presidencia de Terra, de data 22 de febreiro de 2016, referente á prórroga do contrato de referencia.

Presentado escrito, Don Manuel Vieitez Pintos, adxudicatario do contrato, o día 22 de febreiro de 2016 (entrada nº 1582), no que se expón a súa vontade de prorrogar o arrendamento.

Visto o informe da Secretaría de Terra de data 23 de febreiro de 2016 e o informe de fiscalización do Interventor de Terra de data 24 de febreiro de 2016, esta Presidencia **RESOLVE:**

**Acordar a segunda e derradeira prórroga** do contrato do **“ARRENDAMENTO DO INMOBLE, CON MOBLES INCLUÍDOS, PARA SERVICIOS SOCIAIS DA 3ª IDADE EN SANXENXO”**, actualmente en vigor e asinado por Don Manuel Vieitez Pintos e a Presidencia de Terra, **polo prazo de UN (1) ano máis, ata o 6 de marzo de 2017**, nas mesmas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación.

**Dada en Sanxenxo a vinte e catro de febreiro de dous mil dezaseis.**

**O Presidente**

**ante min, o secretario de Terra**



**Gonzalo Gonzalo Pita**



**Ángel Luis López Pita**